




# CANTANTE, COMPOSITOR, POETA...



(1981), “Ruleta Rusa” (1983), “J.S y viceversa” (1985), en 1987 consolídase o seu éxito vendendo 500.000 copias de “Hotel, dulce hotel”, sucédense os éxitos: “El hombre del traje gris” (1988), “¡Con un par!” (1990), chega ao millón de copias con “Física y Química” (1992) e en 1994, feito histórico en España, sae á venda “Esta boca es mía” da

que se venden 80.000 copias na primeira semana; pasa o mesmo con “yo, mi, me, contigo” (1996). No 98 canta, xunto a Fito Páez “Enemigos íntimos”, e como se o título fose unha premonición, as discrepancias entre os dous cantantes fixo suspender a xira.

En 1999 publicouse “19

“Los ingredientes que debe reunir una buena canción son una buena letra, buena música, buena interpretación y algo más. Ese algo más, nadie sabe en qué consiste, pero es lo que te llega dentro”.

Joaquín Sabina.

días y 500 noches” (o meu favorito), que gañou catro Premios da Música da SGAE (incluíndo mellor autor, artista pop, disco e canción) ademais de conseguir o Ondas 2000 á mellor canción. No 2002 aparece “Dímelo en la calle” e no 2003 artistas femininas interpretan algunhas das súas cancións en “Sabina entre todas las mujeres”.

Na actualidade está colaborando en discos como “Neruda en el corazón”, “y todo vanidad” e con artistas como Café Quijano. E algo do que está moi orgulloso, encargáronlle a composición do single do Himno do Centenario do Atlético de Madrid, “Motivos de un sentimiento”.

María Taboada. B1A.

## BELINDA

Belinda é unha rapaza que cos seus 15 anos xa está triunfando en parte do mundo co seu primeiro disco que se chama coma ela. Naceu o 15 de Agosto do 1989, polo que é Leo, en España, pero con 4 anos marchou para México!! Por iso se considera mexicana, aínda que os seus avós son españois. Mide 1´67 cm. e pesa 50 Kg.

Nos seus días libres gústalle compoñer cancións e saír coas súas amigas a festas como calquera moza da súa idade. Tamén lle gustan moito os deportes extremos, ir de compras e, sobre todo, ama a súa música. Soña, como case todo o mun-

do, coa paz mundial e con que a súa música chegue aos corazóns de todas as persoas. Odia o maltrato aos animais, porque ela ten un chihuahua chamado Bambi, que lle fai moita compañía e divírtese moito coas súas trasnadas. Tenlle medo ás inxeccións. Por todo isto e pola súa música é xa un modelo a seguir polas rapazas novas.

No seu disco aparecen 14 cancións incluíndo unha con Andy y Lucas, No Entiendo. Despois de gravar este vídeo xuntos fixéronse moi amigos, a ela impresionoulle o talento dos gaditanos. Trata temas sobre todo amoro-

sos, que combina con música pop-rock.

Olalla Vázquez Varela,  
Marta Pájaro Varela, Iria  
Arias Pintor.

